



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

Web: www.concellodeboimorto.es

CONCELLO DE BOIMORTO	
REGISTRO XERAL	
ENTRADA	SAÍDA
Núm.	Núm. 1716

MARÍA LUISA CACHARRÓN SOUTO, SECRETARIA-INTERVENTORA ACCIDENTAL DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO: Que a Alcaldesa con data trinta e un de agosto de dous mil dezaseis, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<**Decreto:** 361 / 2016 **Data decreto:** 31/08/2016 **Descrición decreto:** Nomeamento peón para obras e servizos mínimos municipais para cobertura IT.

DONA MARÍA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto o parte médico de baixa por incapacidade temporal do traballador Gendo Liñeira Casal que presta o servizo como peón obras e servizos municipais.

Visto o Decreto 219/2016 de data 23/06/2016 en cuxo punto terceiro se aproba a bolsa de traballo de peóns para obras e servizos mínimos municipais Programa de integración laboral subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña.

Considerando que a primeira candidata da bolsa de traballo está interesada.

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear como peón do Programa de integración laboral de obras e servizos mínimos a María del Mar Lage Rodríguez con DNI 78782253P

SEGUNDO.- Condicionase a formalización do contrato en aplicación da base quinta á presentación pola interesada da seguinte documentación:

- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer a función propia a desenvolver.

- Declaración xurada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

- Declaración de non estar incurso en causa de incompatibilidade segundo o disposto na Lei 53/1984 de 26 de decembro.

TERCEIRO.- Notificar persoalmente o presente decreto á persoa seleccionada indicada no apartado primeiro, así como, publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite, presentada a documentación requerida, a alta da traballadora na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta o 01/09/2016.


CUARTO.- Sinalar que a persoa que se contrata tiña a condición de demandante de emprego na data de inicio do proceso selectivo e atópase na situación de exclusión sociolaboral maior de 45 anos.

QUINTO.- Certificación deste decreto sexa remitida á Deputación Provincial como documentación adicional na plataforma telemática da Deputación Subtel para constancia no expediente de solicitude de subvención contratación persoal no PIL

O manda e asina a Sra. Alcaldesa, D^a. María Jesús Novo Gómez en Boimorto trinta e un de agosto de dous mil dezaseis do que, como secretaria accidental asino aos unicos efectos de dar fe.

A Alcaldesa - Presidenta

Perante min, a secretaria accidental




Asdo.- María Jesús Novo Gómez

Asdo.- María Luisa Cacharrón Souto>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe da Sra. Alcaldesa, en Boimorto a trinta e un de agosto de dous mil dezaseis.

Vº Pr.
A Alcaldesa



Asdo.- María Jesús Novo Gómez

